

**ÁS VECES, BONAVAL**

Un parque ten vontade de collage ou de paisaxe eterna. En función da ollada pode ser clásico ou vangardista, a gusto da persoa. Ata pode ser un ximnasio, se corre alguén á parte do aire, e a preguiza das follas vólvese solitaria por momentos, con envexa da forza dos pés, tamén caducos, porén máis resistentes. Semella que gusta da participación calada, o compartir da paz. Invita a un ollar amable, case sen que nos deamos conta. A árbore tolérao todo, menos as faltas de respecto. É como o corpo humano, en máis feble. Seguramente en máis sabio. Un ser capaz de xerar osíxeno non é calquera cousa. Ás veces sinto que se asemella a un templo. Parece que di: “están vostedes xuntos”, e nós sen escoitar. Non se deixa coñecer de todo, mais sempre está aí se o precisas, ten a vontade das nais. Para cando queiras volver, tes o teu sitio gardado. Despois así choramos cando os perdemos, e esquecemos dicirlles “quérote” cando están.

Dúas señoras falaban sobre as equivocacións, “que Dios me perdone”. Ían vestidas iguais, como irmás, aínda que non parecían selo. O andar lento de quen se pousa nas últimas ponlas, xa fráxil, mais coa forza de todo o percorrido que lle levou erguerse do chan para buscar a luz. Comentaban a xogada. Unha muller separada que ten un amante novo, “os tempos non che son os de antes”, dicía unha delas. Varios rapaces tocaban a Bob Marley non moi lonxe. Mentalmente si, eles estaban na súa evasión, observando a tardiña e fumando, moi pouco. Estaban vivindo aquilo, na súa percepción case a cámara lenta. Desde fóra facían algo de ruído, porén non chegaban a molestar. Un deles dixo que xa era hora, que lles tocaba ir ó teatro. A rapaza que estaba (medio agochada) ó seu lado tiña que ir traballar, parecía ser actriz. Levaba uns pantalóns soltos e andaba dunha forma elegante, coma se non se puidese desprender do magnetismo dos escenarios verdes.

Eu tampouco daquel lugar. Unha parella estaba noutra árbore. Ó pé, non dentro. Aínda que parecía que non lles importaría meterse dentro. Ata diríamos que precisaban meterse dentro. Si,

definitivamente faltáballes pouco para meterse dentro. Sería unha acepción moi lóxica (bio-lóxica) da idea “fundirse coa natureza”.

Ás veces sinto que este tipo de sitios son máis casa que a propia casa. E hai algo que me di que non me equivoco. O mesmo non teño unha explicación racional para iso, mais a certidume está presente de todos xeitos. Un grupo de brasileiros chegou cantando. Soa a tópico, pero foi así. Puxéronse a facer capoeira antes do solpor. Semellaba que non fora casual aquilo, que o buscaban e chegaron algo tarde, xusto a tempo. Falaban dos xogos olímpicos, da parte fea, non dos deportes. Da revolta e o malestar do pobo brasileiro ante aquel evento xigante que invadía a súa cidade. Daba cartos si, mais non todo vai ser iso. Un deles tocaba a guitarra, levaba unha cinta que lle deixaba as rastas atrás para poder ver mellor os acordes. Tiñan ese entusiasmo dos brasileiros, que non se sabe ben de onde o sacan, semella algo que levan con eles e xa está, unha bandeira cultural. Pode ser a mestura de razas, ou sinxelamente o sol.

Nese momento pensei en agocharme, quedar alí cando pechase o parque, total non crín que fosen ser moi exhaustivos á hora de buscar se quedaba xente dentro. Unha emoción percorreu todo o meu corpo. A xente foise pouco a pouco, segundo foi facéndose o frío máis presente. Funme transformando en invisible o mellor que puideron. O entorno foi mudando de pel, preparándose para a presenza das estrelas, adaptándose á falta de luz. Apareceu un empregado do concello, que desde a miña perspectiva parecía ter cara de sono. Notei a tensión, unha sensación case de nenez, de facer algo prohibido, con medo a que te poidan coller. Fixen o mínimo ruído posible. A respiración parecía un oso xigante para os meus oídos. Crín por un momento que aquel home podía ver e oír todo o que eu facía e pensaba, o pánico estaba a punto de darme a benvida. O bo foi que desapareceu antes de que chegase, pasando coa luz da lanterna que levaba moi perto de min, mais sen percibir nada ós seus ollos, seguía un movemento rutinario, con ganas de marchar á casa o antes posible. El non parecía ter frío, eu tiña moi pouco, os nervios estaban a flor de pel e ata cría ter calor. Quedei só, no que parecía un mar de sombras. O alumeado público xeneraba penumbras, lugares comúns onde semellaban vivir presenzas invisibles. Nese momento pensei no meu gato, que

estaría esperándome e seguramente xa botando de menos que non chegase xa á casa. Aguantaría vivo unhas horas. Eu quería conseguir durmir alí, vivir unha pequena aventura, ver se era quen de sobrevivir eu só durante ese tempo, sen máis acubillo que a respiración compartida coas árbores. Tentar percibir o seu proceso nocturno e aprender del. Poida que sexa unha fantasía algo parva, mais era o que quería nese momento, tentar deixar de lado durante un tempo a rutina, o que supostamente tiña que facer ó día seguinte. As clases en químicas podían esperar. Se facía falla podía avisar a algún outro compañeiro que dese a aula, tampouco ía rematar o mundo. Por unha noite...non ía pasar nada. O móbil estaba quedando case sen batería, cousa da que me alegrei, case me chafa o meu agocho cunha notificación do Facebook. Non fun ó sitio onde van as parellas a foder, supuxen que alí o do concello iría mirar seguro, e efectivamente alí foi. Eu creo que algo fixo dentro, porque tardou bastante en saír de alí. Eu para min que debeu cascar unha palla imaxinando a algunha parella, vale, preferín non comprobar a miña teoría, cada un coas súas cousas. Houbo un momento no que pensei unha tolemia: que pasaría se as conversas escoitadas alí, as árbores fosen quen de transcribilas, e que polo zume que lles vai por dentro quedasen as palabras, mecanógrafas da viva voz, ocultas trala corteza, gardadas no tempo polo faro de luz das raíces? “Estás mal da cabeza”, diría algún colega meu no que se me ocorreu pensar.

Marchou a luz. Completamente. En toda a cidade. Santiago estaba en calma e a noite invadiuno todo. Era raro, porque non ía mal tempo, sinxelamente frío de outono, nada grave. Nese momento recurrín ó móbil, que me deu un mínimo de luz, mais apagouse. Quedei a escuras. Completamente. Cada movemento de vento parecía traer con el algún tipo de exército escuro. Ás veces a imaxinación non é tan boa como pode parecer, ás veces xoga na contra e toca os narices, como rindo das propias capacidades, con ganas de verme sufrir. Maldita. Canto te quero e canto xogas conmigo. Pareces a miña ex. Comecei a oír tambores, tambores de procesión. Estaba morto de medo, sinceramente. Ata cheguei a pensar que morrería alí, e ó día seguinte falarían do parvo que morreu no parque de Bonaval sen saber moi ben por que, coa tontería infantil de quedar unha noite alí metido, nin sequera con compañía nin nada, o patetismo era extremo. Vin ó fondo, por unha das

entradas dun muro de pedra, como entraba unha néboa gris, puramente gris. Non sei explicalo mellor, era puramente gris. Malditamente gris. Dela saíron un grupo de xente encarrapuchada. O primeiro que me pasou pola cabeza foi que viñan facer un ritual satánico, e que me ían usar de ovella, en modo de sacrificio humano a Satán, que me ía desangrar e tal. Non vou seguir con máis detalles desagradables, queda a idea clara. Tiven un momento de lucidez. Ou eu son moi parvo, ou aquilo tiña moita pinta de ser a Santa Compañía. Ían moi lento. No centro da procesión ía un señor tumbado, en horizontal, diferente ó resto. Tiña pinta de ser o dono dun bar, ou polo menos a min recordoume a iso. Recordoume ó meu avó, de feito parecíase moito. As pantasma vivían alí, de feito fixeron unha fogueira e puxéronse alí a charlar, como un grupo de amigos. Parecía que vivían alí, que non pasaban, era unha rutina que facían cada certo tempo. Esa foi a sensación que tiven. Quizais tiña que ver con que tamén é un cemiterio, non sei, non entendo do sobrenatural. Dende ese día creo que o verde garda o antigo, coma se fose un deber vital. Volveu a luz case sen que me dese conta.

Só sei que seguramente volva a abrazar o verde polo medo que pasei aquela noite, o verdadeiro pánico aparece coa morte da beleza natural. Tamén sae inevitablemente a valentía da que estamos feitas as persoas, ás veces, neses breves momentos de lucidez inexplicable. Cando un ser vivo é máis vello ca ti, garda consigo tempos e vivencias das que podemos aprender. Quere los é quere nos, atacalos é atacar o que somos.

Xa non vale ás veces, só queda a frecuencia e os aloumiños do día a día.